Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 30 DE OUTUBRO DE 2026 | VIERNES, 30 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 208

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Organización e RR.HH.

Convocatoria pública para a formación dunha bolsa de emprego de experto docente en nove categorías

Con data 26.10.2026 a alcaldía deste concello, ditou unha resolución acordando o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria pública para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de **Experto/a docente** para a execución de programas de formación para o emprego de carácter temporal vinculados ás accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C que promova ou desenvolva o Concello de Narón no marco de programas e proxectos de formación para o emprego mediante o sistema de concurso de méritos, ao abeiro do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón (BOP nº 121, do 27.06.2023), cos seguintes requisitos:

1. ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 1379/2008, do 1 de agosto (BOE 09/09/2008), polo que se establecen dous certificados profesionais da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade, que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, modificado polo RD 721/2011, do 20 de maio (BOE 23/06/2011), modificado polo RD 625/2013, do 2 de agosto (BOE 18/09/2013), e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDIS-26	Experto/a docente - Curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia para o emprego,CAP ou Máster Universitario de profesor, Licenciatura en Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. OU o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesor ou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. 3. Celga 4

2. ATENCION SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 1379/2008, do 1 de agosto (BOE 09/09/2008), polo que se establecen dous certificados profesionais da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade, que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, modificado polo RD 721/2011, do 20 de maio (BOE 23/06/2011), e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDDO-26	Experto/a docente - Curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia para o emprego,CAP ou Máster Universitario de profesor, Licenciatura en Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. OU o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesor ou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. 3. Celga 4

Número de anuncio 2026/6970

3. EMPREGO DOMÉSTICO

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 721/2011, do 20 de maio (BOE 23/06/2011), polo que se establecen catro certificados profesionais da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade, que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais e se actualizan os certificados profesionais establecidos cono anexo I e II no RD 1379/2008, do 1 de agosto, e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDED-26	Experto/a docente - Emprego Doméstico	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, Técnico e Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade ou Certificado de profesionalidade de nivel 2 - 3 da área de servizos ao consumidor da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade). 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia para o emprego,CAP ou Máster Universitario de profesor, Licenciatura en Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. OU o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesor ou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. 3. Celga 4

4. SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS PROTECTOR CON ELECTRODO CONSUMIBLE, SOLDEO MIG/MAG

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 569/2023, do 4 de xullo (BOE 26/07/2023) polo que se establecen tres certificados profesionais da familia profesional de Fabricación Mecánica, que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDMIG/ MAG-26	Experto/a docente – Soldeo MIG/MAG	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, ou Técnico Superior da familia profesional de Fabricación Mecánica, ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Construcións Metálicas da familia profesional de Fabricación Mecánica. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou docencia para o emprego, dispor das seguintes titulacións universitarias; Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. ou o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesorou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo 3. Celga 4

5. SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS PROTECTOR CON ELECTRODO CONSUMIBLE SOLDEO TIG

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 569/2023, do 4 de xullo (BOE 26/07/2023) polo que se establecen tres certificados profesionais da familia profesional de Fabricación Mecánica, que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDTIG-26	Experto/a docente – Soldeo TIG	Grupo II	1. Titulación (Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, ou Técnico Superior da familia profesional de Fabricación Mecánica, ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Construcións Metálicas da familia profesional de Fabricación Mecánica. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou docencia para o emprego, dispor das seguintes titulacións universitarias; Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. ou o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesorou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo 3. Celga 4

Número de anuncio 2026/6970

6. MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERIA

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 1968/2008, do 28 de novembro (BOE 20/06/2011) polo que se establecen seis certificados profesionais da familia profesional de Madera, moble e Cortiza que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, modificado polo RD 989/2013, do 13 de decembro (BOE 06/02/2014), e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDMOB-26	Experto/a docente - Montaxe de mobles e elementos de carpintería	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, Técnico Superior da familia profesional da Madeira, Moble e Corteza ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Produción de carpintería e moble da familia profesional de madeira, moble e Cortiza. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou docencia para o emprego, dispor das seguintes titulacións universitarias; Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. ou o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesorou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo 3. Celga 4

7. TRABALLOS DE CARPINTERIA E MOBLE

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 717/2011, do 20 de maio (BOE 22/12/2008) polo que se establecen catro certificados profesionais da familia profesional de Madera, moble e corteza que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDCAR-26	Experto/a docente –Traballos de carpinteria e moble	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura ou diplomatura ou outros títulos equivalentes, Técnico Superior da familia profesional da Madeira, Moble e Cortiza ou Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Produción de carpintería e moble da familia profesional de madeira, moble e corteza. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou docencia para o emprego, dispor das seguintes titulacións universitarias; Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. ou o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesorou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. 3. Celga 4

8. XESTION DE RESIDUOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 1377/2009, do 28 de agosto (BOE 21/09/2009) polo que se establecen un certificado de profesionalidade da familia profesional de Seguridade e medio ambiente que se inclúen no repertorio nacional de certificados profesionais, modificado polo RD 624/2013, do 02 de agosto (BOE 17/09/2013), e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDRU-26	Experto/a docente -Xestión de residuos urbanos	Grupo II	1. Titulación: Licenciatura, diplomatura ou titulación equivalente, Técnico superior da familia de Seguridade e medio ambiente. 2. Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou docencia para o emprego, dispor das seguintes titulacións universitarias; Pedagoxía, Psicopedagoxía, Psicoloxía ou Mestre. ou o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou o Máster Universitario de Profesorou experiencia docente de polo menos 600 horas en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo. 3. Celga 4

9. MÓDULO FORMATIVO BÁSICO DE PREVENCION RISCOS LABORAIS

Requisitos esixidos para o persoal docente no RD 39/1997, (art. 35) do 17 de xaneiro (BOE 31/01/1997) polo que aproba o Reglamento dos Servizos de Prevención e calquera modificación ou actualización da normativa aplicable. Para as especialidades formativas, que se engloban en sectores ou actividades cuxo respectivo convenio colectivo regule a formación en prevención de riscos laboráis de nivel básico, o curso de PRL deberá impartirse de acordo co indicado nel. Como é o caso, da formación na familia de Fabricación Mecánica (Soldaduras) e da familia da Madeira, Moble e Cortiza.

Código	Denominación do posto	Grupo	Requisitos
EDPRL-26	Experto/a docente –PRL	Grupo II	10. Titulación: Técnico superior en prevención de Riscos Laborais e experiencia acreditada neste ámbito e coñecedor das técnicas preventivas específicas aplicables ao sector. 11. Celga 4

Número de anuncio 2026/6970

Para a validación das persoas docentes aplicarase o artigo 168 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, na redacción que resulte aplicable tras as modificacións introducidas polo Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo. A incorporación das persoas candidatas seleccionadas estará supeditada á validación por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou órgano equivalente.

SEGUNDO. Dispoñer que a convocatoria se publique no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica municipal, establecendo un prazo de quince (15) días naturais para a presentación de solicitudes, conforme ao artigo 2 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón (BOP nº 121, do 27.06.2023.

TERCEIRO. Atribuír á Comisión Permanente de Selección as funcións de valoración de méritos e elaboración das correspondentes listas provisionais e definitivas, conforme ao disposto nos artigos 6 a 9 do regulamento municipal.

A publicación das listaxes de aspirantes admitidos e excluídos, provisionais e definitivas, así como calquera outro anuncio relativo ao proceso, realizarase exclusivamente a través da sede electrónica municipal, segundo o establecido no Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón (BOP nº 121, do 27.06.2023).

Narón, 26 de octubre de 2026

A alcaldesa

Marian Ferreiro Diaz

2026/6970